

# PLAN DE CONVIVENCIA

**2022-2023**



## ÍNDICE

---

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>2</b>
<b>2. NORMATIVA DE REFERENCIA</b>	<b>2</b>
<b>3. PRINCIPIOS DO PLAN</b>	<b>3</b>
<b>4. ANÁLISE OU DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA</b>	<b>5</b>
<b>5. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN CONSEGUIR CO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE ACCIÓNS PREVISTAS</b>	<b>14</b>
<b>6. PROCEDIMENTO ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMETO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR</b>	<b>28</b>
<b>7. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO</b>	<b>28</b>
<b>8. AULAS DE CONVIVENCIA INCLUSIVA</b>	<b>30</b>
<b>9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN</b>	<b>31</b>
<b>10. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO</b>	<b>32</b>
<b>10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA</b>	<b>33</b>
<b>11. SEGUIMENTO A AVALIACIÓN</b>	<b>34</b>
<b>ANEXOS</b>	<b>35</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

---

Este documento é o resultado do debate no que participamos unha vez constituída a Comisión de Convivencia ao abeiro do Consello Escolar elabórase o VI Plan de Convivencia do CPR PLURILÍNGÜE ABRENTE para o curso 2022-2023 adaptándose ao establecido no **Decreto 8/2015**.

Perante a realidade social, económica e educativa do nosa comunidade e do noso centro escolar, dada a pluralidade e diversidade do noso alumnado, asumimos a misión e filosofía de elaborar este Plan de traballo en beneficio de toda a comunidade educativa do colexio.

Queremos propoñer este Proxecto sobre Convivencia co fin de proporcionar a todos os membros da comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado, educadores, diferente persoal do centro etc.) de espazos de sensibilización e formación nos diferentes valores que han de ser o seu quefacer cotián.

Esperamos que o resultado final que presentamos sexa un produto útil para o normal desenvolvemento da Convivencia no noso centro.

## 2. NORMATIVA DE REFERENCIA.

---

- LEY 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 85/2007 DOG do 8 de Maio de 2007
- Lei 4/2011 de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, DOG 15 XULLO DE 2011.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Instrucións de 17 de xuño de 2013 polas que se traslada o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso dos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos.
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero.
- Constitución Española, decembro de 1978.

- Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.
- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- A Convención sobre os Dereitos do Neno. Asemblea xeral das Nacións Unidas. Novembro de 1989.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Asemblea Xeral das nacións unidas. Decembro de 1948
- Estatutos Europeos para os centros educativos democráticos sen violencia.
- PLANES DE IGUALDADE CPR PLURILINGÜE ABRENTE 2020-2021/ 2021-2022

### 3. PRINCIPIOS DO PLAN

Un dos fins primordiais que debe perseguir o noso sistema educativo, é a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

A lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa no seu Artigo 124. Normas de organización, funcionamento e convivencia figura o seguinte:

1. Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento conforme á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.
2. As normas de convivencia e conduta dos centros serán de obrigado cumprimento, e deberán concretar os deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais. As medidas correctoras terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto dos alumnos e alumnas e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.
3. As medidas correctoras deberán ser proporcionadas ás faltas cometidas. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixioso, de crenzas ou de minusvalidez, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro.
4. As decisións de adoptar medidas correctoras pola comisión de faltas leves serán inmediatamente executivas.
5. Os membros do equipo directivo e os profesores e profesoras serán considerados autoridade pública. Nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os feitos constatados por profesores, profesoras e membros do equipo directivo dos centros docentes terán valor probatorio e gozarán de presunción de veracidade «iuris tantum» ou salvo proba en contrario, sen prexuízo de as probas que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou achegar os propios alumnos e alumnas.

6. As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa autonomía, poidan elaborar as súas propias normas de organización e funcionamento.»

O traballo no noso centro é unha tarefa que implica ao conxunto da comunidade educativa, onde cada membro se enfronta diariamente co seu labor.

As mestras/es debemos optimizar a nosa tarefa docente e educativa para conseguir formar de xeito integral e global ao alumnado. Os axentes educativos, debemos traballar para conseguir un ambiente facilitador da Calidade do Ensino.

Aprender a convivir é un dos fins do sistema educativo. A aprendizaxe máis útil para a vida é a de establecer unha relación positiva cun mesmo e cos demais, e é o eixe fundamental da educación en valores. O ambiente que se crea na aula ou no centro pode favorecer ou dificultar o proceso educativo, polo que o profesorado, alumnado e demais membros da comunidade educativa deben estar permanentemente cohesionados.

A convivencia é un obxectivo específico e fundamental de todo o proceso educativo que leva consigo actitudes e comportamentos respectuosos, positivos e de consenso por parte de todos os sectores da comunidade escolar, e a súa finalidade é a formación para unha vida social adulta e a mellora do clima escolar.

Por todo o anteriormente exposto, consideramos necesario elaborar este Plan de Convivencia como resposta educativa aos posibles problemas que nos poidamos encontrar no noso centro; queremos ofrecer ao noso alumnado as pautas e normas para "Aprender a convivir na escola", ofrecendo unha Calidade de Ensino.

## 4. ANÁLISE OU DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA

---

### 4.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O SEU CONTORNO.

#### 4.1.1. ENTORNO

---

O Colexio Plurilingüe Abrente de Sanxenxo é un centro privado concertado que leva funcionando dende o curso 1982-1983 (40 anos), con titularidade nunha Sociedade Cooperativa Galega de Ensino e está situado na parroquia de Adigna á que pertence o núcleo poblacional de Portonovo.

As familias pertencen á clase media na súa maioría, procedentes dun medio considerado como urbano e rural-urbano xa que se trata dunha localidade pequena, pero situada nunha zona estratexicamente ben comunicada con todas as grandes poboacións da costa galega e que se atopa a poucos quilómetros de Pontevedra.

A zona tivo hai varios anos un crecemento demográfico positivo, por mor do turismo de tempada, o que supuxo un mantemento na matrícula do centro, a pesares de que a maioría dos centros escolares de Galicia estábanse xa resentindo da crise provocada polo descenso da natalidade.

Debido a que o centro escolar ofrece unidades de Educación Infantil de 0 a 3 anos, nos últimos anos hai unha forte demanda da mesma. Por outra banda o colexio nítrese dunha ampla zona de influencia na Comarca do Salnés, tendo ademáis alumnado procedente de concellos como O Grove, Meaño, Ribadumia ou Cambados o que fai que se teñan boas expectativas de mantemento de matrícula.

#### *4.1.2. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO*

---

##### **4.1.2.1. O alumnado e as familias:**

No centro para o curso 2022-2023 o alumnado escolarizado é de 325. Hai docencia nas tres etapas educativas coa seguinte dsitribución: 1 liña en seguno ciclo de Educación Infantil (3 aulas) 4º de E.I. 5º e 6º de E.I. conta con 70 alumnas e alumnos con capacidade para 75 prazas.

Educación Primaria consta de 1 liña (6 aulas): de 1º a 6º de EP. Conta con 144 alumnas e alumnos para eeste curso (con capacidade para 150 prazas na etapa).

A Educación Secundaria Obrigatoria consta de 1 liña distribuída en 4 aulas: de 1º a 4º. Conta con 105 alumnas e alumnos para este curso (con capacidade para 120 prazas).

O centro conta con dúas Unidades Específicas de Educación Especial na que se atenden alumnado das tres etapas educativas en escolarización combinada ou en educación especial. Isto ofrece unha atención máis específica de alumnado con diversidade funcional. A existencia destas unidades favorecen o desenvolvemento e a inclusión social e educativa.

Non existe conflitividade salientable na relación do centro coas familias nin co alumnado. Tampouco as familias presentan unha problemática determinada que provoque tensións ou xere intervencións educativas especiais.

En xeral as relacións do centro coas familias e coas propias alumnas e alumnos en xeral, son cordiais e non presentan conflitividade específica. O noso reto é a mellora da calidade do ensino tendo presente a importancia de conseguir un bo nivel de resultados académicos, pero plano máis relevante é educar persoas favorecendo o seu desenvolvemento integral.

Creemos que, en xeral, as expectativas das familias se centran na calidade da formación académica, os servizos que o centro ofrece, a oferta das actividades extraescolares a adaptación da escola aos cambios sociais e no momento actual a seguridade perante á situación sanitaria presente.

#### **4.1.2.2.- Recursos Humanos e Materiais**

##### **a) O Profesorado:**

O noso centro conta na actualidade cunha plantilla de profesorado de 28 profesionais. Hai oito unidades de Educación Infantil: cinco de primeiro ciclo (0-3 anos) e tres de 2º ciclo (3-5 anos); seis unidades de Educación Primaria e catro de Educación Secundaria Obrigatoria. Ademais as dúas Unidades de Educación Especial. Entre o persoal docente figuran unha especialista en PT, unha especialista en AL, dúas mestras titoras de educación especial ambas especialistas en PT e un orientador. O persoal que traballa en Administración e Servizos consta de cinco profesionais: tres na administración e secretaría, tres en cociña e comedor e dúas en limpeza.

Tratase dun colectivo de profesoras e profesores con boas calidades profesionais. Non existe tampouco ningunha conflitividade destacable nas relacións persoais. En xeral hai unha boa disposición para participar nas iniciativas que se propoñen.

Nos últimos anos houbo un desenvolvemento notable na formación en Novas Tecnoloxías. Do mesmo xeito o centro subscribe unha serie de proxectos cun alto índice de participación, o que supón un indicador claro do interese polo perfeccionamento e compromiso profesional. Esta formación púxose a proba no curso 2019-2020 no segundo e terceiro trimestre pola rápida resposta e satisfactoria adaptación ao confinamento e seguimento do alumnado.

##### **b) Instalacións:**

O centro consta dun gran edificio de tres andares, un pavillón polideportivo, unha gran area de patio con tres canchas deportivas, espazos verdes e unha area para uso exclusivo de Educación Infantil. Ademais das aulas ordinarias cada unha delas dotadas con encerado dixital e canón, o centro ten concedida unha Unidade de Psíquicos de Educación Especial, un laboratorio de ciencias, unha biblioteca, unha sala de mestras/es, unha aula de informática con 25 unidades, canón e encerado dixital e un espazo para

psicomotricidade. Dende o curso 2010-2011 o centro conta co Plan Abalar e na actualidade todas as aulas constan de encerado dixital e canón.

Disponse tamén dun comedor escolar do que fan uso diariamente uns 130 comensais. A comida elabórase na cociña do centro cada día.

#### **c) Espazos e recursos didácticos:**

- Biblioteca
- Aula de Informática dotada con 25 equipos.
- Aula de desdobre.
- Laboratorio de ciencias.
- Aula de Educación Especial.
- Ximnasio de psicomotricidade.
- Pavillón polideportivo.
- Escola Infantil (Gardería).
- Comedor Escolar e cociña.

#### **4.1.2.3.- Horarios**

##### *SETEMBRO E XUÑO*

. *Educación Infantil, Primaria, Secundaria: 9'00-13.35 hs.*

##### *RESTO DO ANO*

- *Infantil, Primaria e ESO: de luns a venres de 9'00-13'35 hs.  
de luns a xoves de 15'00-16,40 hs*

##### *HORARIO ADMINISTRACIÓN*

*Luns a Xoves 9'00-13'30 hs. / 15'00 - 17'00 hs.*

*Venres 9:00 a 13:30 hs.*

#### **4.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DE CONVIVENCIA NO CENTRO.**

Entendemos a convivencia como un proceso, creativo e respectuoso con todos, de resolver conflitos, xa sexa previndo a súa aparición, xa sexa evitando a súa escalada cando se produciron. Do mesmo modo definimos conflito como unha situación na que dous ou máis persoas entran en oposición ou desacordo, porque as súas posicións, valores, intereses, aspiracións, desexos ou necesidades son incompatibles ou polo menos se perciben como tales.

Non todos os conflitos se expresan a través da violencia, pero é certo que esta, entendida nun sentido amplo, pode estar presente na vida dos centros educativos. Podemos definir violencia como "unha actitude ou comportamento que constitúe unha violación ou un



arrebatado ao ser humano de algo que é esencia como comparece (integridade física, psíquica ou moral, dereitos, liberdades,...)

A valoración da convivencia faise ao final de curso collendo unha mostra da poboación do alumnado, profesorado, nais / pais e persoal non docente. Nesta ocasión os cuestionarios fixéronse a través de correo electrónico de forma aleatoria atendendo aos colectivos que reperesentan o centro escolar.

Critério	Puntuación (0-10)	Observacións
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>	9	Baixa conflictividade e de mínima gravidade. Utilizando medios para atallar canto antes calquera situación potencial.
Alcance do plan de convivencia. <i>Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10</i>	8	Todo o personal do centro, o alumnado e as familias son coñecedoras nunha alta porcentaxe da existencia deste plan.
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. <i>Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10</i>	8	
Renovación do plan de convivencia. <i>Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10</i>	10	Dende a Comisión de Convivencia promovese o seguimento e renovación anual.
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. <i>Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10</i>	6	Quedaron actividades sen facer por causa da situación de pandemia COVID.
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. <i>Non hai implicación: 0 Implicación total: 10</i>	8	Existe implicación máxima pero só cando xurde algún conflito. Hai sectores en todos os colectivos que están tamen implicados na prevención pero en menor porcentaxe.
Funcionamento da comisión de convivencia do centro <i>Moi deficitario: 0 Excelente:10</i>	9	Cada membro aporta ideas e participa habitualmente.
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia <i>Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10</i>	10	Hai coordinación entre o Equipo Directivo co Dep. de Orientación e coa Comisión de Convivencia.
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia <i>Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</i>	7	Compre potenciar a formación en común para todos os colectivos implicados na educación. As Escolas de Familia están funcionando moi positivamente.
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10</i>	8	Certas situación que aconteces fora das aulas e fora do centro en relación a conflictividade entre alumnado coñecense tempo despois de ter ocorrido. Convén formar en prevención a alumnado e ás familias.

Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>	8	Hai situacións que quedan fora do alcance porque se dan nas REDES SOCIAIS e en tempo non lectivo for a do centro.
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>	9	O centro pertence á Rede de Centros Escolares Solidarios e traballase a inclusión en todas as etapas.
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>	10	Utilízanse ferramentas como a MEDIACIÓN e a Resolución Pacífica de Conflitos.
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>	10	Cada titor/a a través da Acción Tutorial procura seguir as propostas cada semana.
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>	8	Non hai un programa específico senón unha programación transversal que se ten en conta no PXA.
Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>	10	Cada curso escolar dende o Consello Escolar e dende a Comisión de Convivencia procúrase continuar co bo nivel de cooperación e convivencia.
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>8,6</b>	<b>MEDIA DAS PUNTUACIÓNS OBTIDAS NO CUESTIONARIO.</b>

#### 4.2.1. ESTADO ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO DESDE O PUNTO DE VISTA DO ALUMNADO:

A nivel xeral o alumnado valora positivamente a situación actual de convivencia no noso centro segundo se reflicte nos cuestionarios cumpridos.

O alumnado do centro manifesta as seguintes propostas de mellora da convivencia:

- Acompañar e integrar ás/aos compañeiras/os que se sintan sós dentro do seu grupo-clase.
- Mellorar o trato a nivel verbal (evitar insultos, palabrotas,...).
- Axudarse uns a outros.
- Máis actividades que promovan a convivencia e relación positiva entre iguais.
- Información sobre normas do colexio.
- Manter a limpeza, coidado e orde dos espazos e materiais comúns.
- Respecto hacia todas/os as/os compañeiros e os seus materiais.

#### 4.2.2. ESTADO ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO DESDE O PUNTO DE VISTA DAS FAMILIAS (nais, pais, titores):

A nivel xeral os proxenitores e titores valoran positivamente a situación actual de convivencia no noso centro segundo as respostas dos cuestionarios cumprimentados.

Das observacións manifiestan extraense as seguintes conclusións para as actuacións de mellora da convivencia:

- Demandan máis colaboración de todas as nais e pais en xeral.
- Continuidade da escola de familias na que podan contar co asesoramento pedagóxico, psicolóxico, sanitario, etc...
- Manifestan o desexo de que houberse menos alumnado por aula (ratios).
- Organizar máis actividades de convivencia entre familias, alumnado e profesorado. ( A TER EN CONTA NAS ESCOLAS DE FAMILIA).
- Máis cursos de formación para pais/nais.
- Prevención de acoso escolar e ciberacoso.

#### 4.2.3. ESTADO ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO DENDE O PUNTO DE VISTA DO PROFESORADO:

A nivel xeral o profesorado valora positivamente a situación actual de convivencia no noso centro segundo se reflicte nos cuestionarios cumpridos polos profesores que elaboraron o Plan de Convivencia.

Das observacións que os profesores manifiestan extraénsese as seguintes conclusións para as actuacións da mellora da convivencia:

- Recursos humanos e materiais para apoio ao alumnado que máis o necesita.
- Actividades de prevención co alumnado, ofrecendo canles de comunicación e expresión.
- Asesoramento por parte de psicólogos, pedagogos, orientadores, servizos Sociais e Concello que nos proporcionen información e pautas para canalizar os nosos problemas educativos diarios.
- Reunións periódicas conxuntamente entre familias, alumnado e titores, para dialogar sobre a convivencia no centro.
- Prevención e información sobre REDES SOCIAIS, para evitar problemas de CIBERBULLYNG.

#### 4.3. RESPONSTAS QUE O CENTRO DÁ ÁS SITUACIÓNS ACTUAIS DE CONVIVENCIA. IMPLICACION DO PROFESORADO, ALUMNADO E FAMILIAS.

Consideramos esta serie de principios moi importantes á hora de facilitar unha óptima convivencia:

- 1.- Conflito non é un obstáculo senón máis ben unha oportunidade educativa de maduración.
- 2.- A mediación require compartir, acordar e colaborar máis que impoñer.
- 3.- O educador posúe poder pero necesita sobre todo autoridade que procede, entre outros da coherencia, convicción e o afecto cara aos alumnos.
- 4.- Educar é a responsabilidade persoal e colectiva a través do diálogo e das propias decisións.
- 5.- Expresión de emocións e sentimentos, interpretar condutas máis que reprimilas, non etiquetar persoas, preguntar converte cálidos aos grupos e son menores os conflitos.
- 6.- Desenvolvemento das actitudes de aceptación e confianza de todos os membros da comunidade educativa.

7.- Entender a coeducación como proxecto posible de transformación o cal a de abranguer todos os elementos que interveñen no proceso educativo.

8.- A educación intercultural como aposta educativa que require compromiso e implicación no proceso grupal socializador enalzando valores de cooperación, colaboración, solidariedade, sentido de justicia,...

9.- Desenvolvemento dunha cultura de paz ben asentada nos principios democráticos, nos dereitos humanos e nos valores fundamentais de respecto e tolerancia.

10.- A participación efectiva con estruturas definidas que garantan a autenticidade do proceso.

De forma xeral, ata a data, os docentes ocupámonos daquelas que afectan á convivencia no centro, cos últimos estudos que se realizaron sobre conflitos en contextos escolares e máis concretamente sobre as situacións de acoso e as súas consecuencias, adquirimos todo o profesorado o compromiso dunha actitude máis observante e comprometida para garantir que este tipo de actuacións non sexan un problema no normal desenvolvemento dos nosos escolares nin no logro dos obxectivos que se propuxo en Centro.

Co presente Plan de Convivencia pretendemos abordar a parte que nos corresponde xuntando os recursos propios e externos, e implicando aos distintos colectivos máis próximos á escola.

A realidade escolar no noso centro está suxeita a continuas variacións, varían no tempo os intereses dos pais, as expectativas dos alumnos, os recursos dos centros, a procedencia de alumnado, cambian os valores, o concepto e a práctica de autoridade, as normas legais, o sentido da liberdade e do xusto, a escola, en definitiva, reflicte a complexidade da sociedade. Polo tanto, a proposta deste Plan de Convivencia non é fixa para todos os cursos, cada curso terá unha proposta de actividades adaptadas á realidade do clima de convivencia do centro.

Na elaboración deste Plan de Convivencia procurouse a participación da comunidade educativa e para conseguir os efectos que desexamos, en todo momento se buscará a máxima colaboración posible entre as familias e o centro ofrecendo aos nosos alumnos, aos nosos fillos, modelos de actuación coherentes que orienten no mesmo sentido.

Este Plan de Convivencia é complementario ás normas de convivencia en vigor, a diferenza principal é que mentres as normas definen os dereitos e deberes do alumnado e establecen sancións pola comisión de actos contrarios á normal.

#### 4.4. RELACIÓN COAS FAMILIAS E OS SERVIZOS EXTERNOS.

As familias do noso alumnado, son un pilar básico en todos os aspectos relacionados coa convivencia no ámbito escolar, familia e profesorado necesítanse para facer fronte común e axudar aos nosos escolares na tarefa de "aprender a vivir xuntos" e en "aprender a ser".

A participación das familias na vida escolar é de modo xeral satisfactoria aínda que debe ser máis frecuente, máis comprometida e sobre todo máis xeneralizada. Neste sentido, as propostas encamiñadas a unha mellor participación estarán sempre abertas por parte do centro, moi especialmente, dende a acción titorial.

#### 4.5. EXPERIENCIAS E TRABALLOS PREVIOS DESENVOLTOS EN RELACION COA CONVIVENCIA NOS CENTROS

Educación para a paz está nos obxectivos formativos do centro dende o seu comezo, non sempre o estivo en forma explícita pero si en todas as ocasións que se presentaron.

Como tema transversal véñse impartindo, de acordo co noso proxecto curricular; ademais o centro forma parte dende o curso 2014-2015 da Rede de Centros Escolares Solidarios da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* da Consellería de Traballo e Benestar. Esta rede implica desenvolver un proxecto de centro que teña como centro de interese a convivencia e a solidariedade. Este ano levouse a cabo o que ven sendo habitual nos últimos anos de Voluntariado e Observadores da Paz e a primeira vez que se inicia a experiencia Radio Abrente. A través da rede elaborouse un “micro movie” solidario e dúas xornadas de convivencia.

Tamén levouse a cabo a Escola de Familias durante estes últimos cursos. Organizáronse distintas Semanas Culturais encamiñadas a desenvolver hábitos sociais entre todos os membros da comunidade educativa.

Realizáronse saídas extraescolares nas que un obxectivo primordial é traballar a convivencia.

#### 4.6. NECESIDADES DE FORMACION E RECURSOS.

Se a formación permanente é un dereito de todas as persoas, a formación do profesorado adquire un especial relevo nun serio intento de manterse actualizado tanto en contidos coma en recursos didácticos e a correspondente proxección na aula; neste sentido o profesorado do centro vén formándose por distintos medios (Centros de Profesores, Universidade, Sindicatos), ou ben de forma autónoma. Os temas de formación sempre estiveron relacionados cos aspectos que máis interese despertaron en cada profesor e normalmente elixíronse entre os ofertados por estas institucións.

As novas investigacións sobre a situación da convivencia en xeral e especialmente nos centros educativos, xunto coa preocupación da sociedade pola relevancia que está a adquirir o tema, son motivos máis que suficientes para que se amplíe a oferta formativa para o profesorado, co fin de que poida adquirir novas competencias que fagan posible a mellora da convivencia.

O coñecemento en profundidade da normativa legal vixente, a adquisición de habilidades sociais para o profesorado, os coñecementos prácticos sobre mediación, modelos escolares inclusivos, novos modelos de xestión da aula, identificación e actuación sobre situacións conflitivas (moi especialmente o acoso escolar), e en xeral os contidos relacionados coa acción titorial e a convivencia son competencias que, en o seu conxunto, inciden de modo positivo na mellora da convivencia nos centros educativos.

## 5.- CONCRECIÓN DO PLAN

### 5.1.OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN CONSEGUIR CO DESENVOLVEMENTO DO PLAN E ACCIÓNS PREVISTAS

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
<p>1.- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo, discapacidade ou idade.</p>	<p>1.1- Potenciar un uso correcto da linguaxe, dando as grazas, pedindo por favor, saudando ao entrar, despedíndose ao saír. Promover o trato de AMABILIDADE coma un valor de gran importancia.</p> <p>1.2- Respetar e valorar as producións e traballos realizados polos alumnos (acnee, inmigrantes,...)</p> <p>1.3- Fomentar a participación de todos os alumnos e alumnas nas actividades extraescolares e complementarias.</p>	<p><b><u>TITORAS/ES E PROFESORADO:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. O profesorado fomentará día a día nos alumnos os seguintes hábitos: Chamar as persoas polo seu nome, dar as grazas, pedir perdón e desculparse, felicitar e eloxiar, pedir por favor, saudar e despedirse.</li> <li>. O profesorado traballará en clase situacións nas que o alumno/a teña que asumir o punto de vista do outro por medio de actividades de cambio de rol.</li> <li>. Os titores levarán a cabo un plan de acollida para potenciar a integración na clase e no centro dos novos alumnos.</li> <li>. Os titores traballarán co grupo clase o respecto e valoración dos traballos realizados por todos os compañeiros por medio de actividades de cooperación, asembleas, realización de murais....</li> <li>. Realización de tarefas que inclúan o coñecemento e respecto por outras culturas distintas. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Se traballará cos principios de igualdade que están contemplados polo Plan de Igualdade do Colexio.</li> <li>-Traballos de escoita activa e respecto das quendas á hora de falar.</li> </ul> </li> </ul> <p><b><u>ALUMNADO:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Alumnas e alumnos axudarán as/aos compañeiras/os novos a coñecer o centro: ensinando o centro, colaborando nos cambios de clase para que non se perdan, integrando nas actividades no</li> </ul>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		<p>recreo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Alumnas e alumnos acollerán as/aos seus novos compañeiros na aula colaborando nos cambios de clase para que non se perdan, , contando con eles para as actividades que organice o grupo, para que non se sintan illadas/os.</li> <li>-Darase a coñecer a realidade que se produce na sociedade pola falta de igualdade real de oportunidades por razón de sexo.</li> <li>. Alumnas e alumnos terán actitudes positivas cos seus compañeiros de necesidades educativas especiais colaborando con elas e eles nas actividades de clase pero non súper protexéndoos.</li> </ul> <p>Continúase coa labor do grupo de voluntariado de ESO para apoio a infantil e a Educación Especial.</p> <p><b>NAIS/PAIS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Nais e pais fomentarán na casa unha actitude positiva cara ao feito da emigración no noso pobo, colexio, rúa....</li> <li>. Nais e pais deberán implicarse en deixar ás súas fillas e fillos participar nas actividades complementarias planificadas no centro, para iso o centro potenciará a nivel de equipo de ciclo actividades gratuítas e/ou moi económicas nas que se prime a convivencia e se potencie o traballado en clase.</li> <li>. As familias en xeral deberán fomentar a autonomía de fillas e fillos e evitar a sobreprotección dende infantil ata a ESO; compre que as titoras e titores expliquen esta necesidade nas reunións xerais, presenciais se é posible ou telemáticas.</li> </ul>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		<p><b><u>INSTITUCIÓNS:</u></b></p> <p>. O centro pedirá a colaboración da ANPA, dous Servizos Sociais ou das asociacións do Concello de Sanxenxo ,da Bisbarra ou de calquera outro ámbito territorial para realizar actividades que fomenten a integración e a convivencia no centro.</p>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
<p>2.- Fomentar a implicación das familias</p>	<p>2.1- Implicar a nais e pais na tarefa respecto ás actividades de apoio e reforzo na aprendizaxe das súas fillas e fillos.</p> <p>2.2- Informar do progreso e das dificultades do proceso educativo do alumnado.</p> <p>2.3- Informar as familias sobre a necesidade de crear nas súas fillas e fillos hábitos saudables para o desenvolvemento dunha convivencia sa dentro das aulas.</p> <p>2.4.- Realizar actividades en colaboración con outras institucións para axudar aos pais a resolver problemas educativos dos seus fillos. Incluída a conexión telemática.</p>	<p><b><u>TITORES/AS E PROFESORADO:</u></b></p> <p>Titores/ás informarán na primeira reunión xeral o seu horario de atención a nais e pais e a necesidade de que teñan información sobre a educación e progreso dos seus fillos.</p> <p>. Titoras/é insistirán en todas as reunións xerais e por medio de comunicacións escritas na necesidade de vir aseado para unha mellor convivencia.</p> <p>. Os titores xunto con algún membro do Equipo Directivo informarán que o colexio conta cun psicólogo que pertence ao Departamento de Orientación do centro e que poden solicitar a súa axuda en caso necesario a través do titor/a.</p> <p>. O profesorado solicitará ás</p>



OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
	<p>2.5.- Pensar no centro como algo propio asumindo responsabilidades para o coidado e mantemento dos espazos comúns.</p>	<p>nais e pais a información necesaria sobre as súas fillas/vos para axudarlles no seu proceso educativo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Profesores e profesoras solicitarán por escrito a través de axenda ou por teléfono a visita dalgún proxenitor para intercambiar información ou para comunicarlle algún feito puntual.</li> <li>. O profesorado de cada curso na primeira reunión xeral presentaranse e comunicarán a nais e pais o seu horario de atención a familias.</li> <li>. Os profesores insistirán en clase sobre a necesidade de vir correctamente uniformados e aseados en todas as etapas educativas.</li> <li>. Desenvolver accións encamiñadas á mellora da convivencia no centro, facilitando as relacións entre os diferentes membros que compoñen a comunidade educativa.</li> <li>. Revisión, modificación, valoración e mellora do plan de acción titorial en Infantil, Primaria e Secundaria, en colaboración co departamento de orientación, encamiñado a fomentar o respecto, a disciplina, a responsabilidade, a tolerancia, a cooperación,...</li> </ul> <p><b><u>ALUMNADO:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. O alumnado</li> </ul>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		<p>comprometerase a vir aseado e correctamente uniformado dependendo do día (chándal ou uniforme).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Crear situacións nas que o alumno/a teña que asumir o punto de vista do outro.</li> <li>. Elaboración democrática das normas de clase.</li> <li>. Fomento do respecto e do coñecemento doutras culturas distintas á propia.</li> <li>. Realización de actividades que leven consigo o desenvolvemento da empatía.</li> <li>. Fomentar nos alumnos/ás actitudes e hábitos que axuden a ter o centro limpo.</li> <li>. Desenvolver accións encamiñadas á mellora da convivencia no centro, facilitando as relacións entre os diferentes membros que compoñen a comunidade educativa.</li> </ul> <p style="text-align: center;"><b><u>NAIS E PAIS</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. As familias poderán acudir ao centro para ser atendidas polo profesorado cantas veces crean necesario no horario de atención a familias.</li> <li>. Organizaranse Escolas de Familia, para todas as Etapas Educativas nas que se tratarán temas de interese para a boa convivencia na familia.</li> <li>. A través dos representantes de nais e pais poderanse solicitar ás distintas Institucións (Concellos, Sanidade,</li> </ul>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		<p>Consumo, etc) a realización de seminarios, cursos, charlas relacionadas con temas que lles preocupe en relación cos seus fillos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Utilizar actividades que axuden ao alumnado a expresar opinións e pedir consello, expresar o que agrada ou desagrada.</li> <li>. Realización de actividades encamiñadas a que o alumnado descubra as vantaxes do traballo en grupo.</li> <li>. Implantación de forma sistemática de actividades tales como reunións informativas en canto ao desenvolvemento e avaliación do plan, charlas, debates, etc..., coas que se traballe a colaboración coas familias.</li> <li>. Realización e posta en marcha dun programa de habilidades sociais.</li> <li>. Establecemento dun sistema de responsabilidades na aula cun sistema de reforzos.</li> <li>. Desenvolver accións encamiñadas á mellora da convivencia no centro, facilitando as relacións entre os diferentes membros que compoñen a comunidade educativa.</li> </ul>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
<p>3.- Mellorar as relación entre todos os membros da comunidade educativa.</p>	<p>3.1- Mellorar e ampliar as canles de comunicación entre todos os membros da Comunidade Educativa de modo que sexa máis activa a colaboración e a participación de todos.</p> <p>3.2- Organizar de forma conxunta toda a Comunidade Educativa actividades culturais ou lúdicas que fomenten o coñecemento, respecto e a tolerancia cara á nosa Comunidade Educativa.</p> <p>3.3 - Comprometerse e implicarse no emprego de materiais, bo uso da auga, reciclado.</p>	<p><b><u>TITORAS/ES E PROFESORADO</u></b></p> <p>Os profesores comunicasen ás familias nas reunións xerais os distintas formas de participar no centro: de forma formal: Ampa, Consello escolar; de forma informal: talleres, cursos, apoio en actividades escolares, apoio en actividades extraescolares.</p> <p>. Os titores a principio de curso explicarán ao alumnado do seu grupo clase os membros da comunidade educativa e o traballo que desempeña cada un de eles (secretaría, cociña, limpeza, Presidente da ANPA, concello, Orientador, asociacións....</p> <p>. Os titores insistirán na necesidade de coñecer a todas as persoas que traballan no noso centro.</p> <p>. Uso e fomento da axenda escolar.</p> <p><b><u>ALUMNADO:</u></b></p> <p>. O alumnado poderá pedir axuda a calquera membro do centro, profesorado, secretaría, cociñeiras, etc...</p> <p>. As alumnas e alumnos participarán de forma activa na medida das súas posibilidades nas actividades propostas pola comunidade educativa.</p> <p>. Uso da axenda escolar.</p> <p><b><u>PAIS/NAIS:</u></b></p> <p>. Os pais participarán na medida das súas</p>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		<p>posibilidades das actividades propostas pola Ampa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Os pais participarán en obradoiros, cursos, charlas.. segundo as súas necesidades e posibilidades.</li> <li>. A familia recibirá sempre información detallada das actividades lúdicas e culturais organizadas tanto polo centro como de calquera outra institución local.</li> <li>. As familias autorizarán a participación dos seus fillos nas actividades programadas pola comunidade educativa.</li> <li>. A familia pode acudir ao centro sempre que o necesite e contar co apoio do centro.</li> </ul> <p><b><u>INSTITUCIÓNS:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Toda a comunidade Educativa poderá achegar suxestións para actividades culturais e recreativas propostas polo centro, Ampa, asociacións, concello.</li> <li>. O centro programase as actividades de nadal, carnaval e final de curso de forma cooperativa e participativa con toda a comunidade educativa.</li> </ul>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
<p>4. Previr conflitos.</p>	<p>4.1- Valorar e fomentar o diálogo como vía de resolución de conflitos.</p> <p>4.2- Fomentar as relacións interpersoais entre nenos e nenas dende a Educación Infantil.</p> <p>4.4- Coñecer os demais para poñerse no seu lugar e así crear canles de comunicación e colaboración.</p> <p>4.5- Levar a cabo estratexias comúns do profesorado de cara a xestionar os conflitos entre os alumnos, establecer canles adecuadas para resolver os conflitos e pautas de coordinación entre os distintos estamentos (pais, profesores, alumnos,...)</p> <p>4.6. -Reclamar recursos para a formación do profesorado, das familias e demais axentes educativos en resolución de conflitos, negociación...</p> <p>4.7- Crear instrumentos ou estruturas no nivel institucional do centro para facilitar a interacción e a convivencia.</p>	<p><b><u>TITORES/AS E PROFESORADO:</u></b></p> <p>. Uso de estratexias:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Diálogo.</li> <li>- Dramatizacións.</li> <li>- Exemplos.</li> <li>- Coloquios, debates.</li> </ul> <p>-Introducir a mediación escolar como estratexia de resolución de conflitos. (ANEXO II)</p> <p>. Os profesores traballarán diariamente en clase pautas correctas de comunicación oral e xestual para facilitar as relacións entre todo o alumnado do centro.</p> <p>. Os profesores comunicarán aos titores calquera incidencia para que estean informados constantemente do que sucede no seu grupo clase.</p> <p>. Os titores traballarán a principios de clase os dereitos e deberes do alumnado na aula.</p> <p>. Pódese utilizar nas aulas unha caixa de correos para suxestións e queixas para solucionar os problemas de convivencia que xurdan.</p> <p>. O profesorado titor actuará como mediador entre profesorado, familias e alumnado á hora de resolver os conflitos.</p> <p>. O profesorado titor comunicará a nais e pais calquera conduta disruptiva que sucedese aos alumnos da súa titoría, aínda que non fose na súa clase e estará presente no momento no que os pais acudan ao</p>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		<p>centro.</p> <p><b><u>ALUMNADO:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. O alumnado en conxunto guiado polo profesorado elaborará as regras de convivencia da súa clase.</li> <li>. As alumnas e alumnos a partir da ESO elixirán delegada ou delegado e subdelegada/o por clase.</li> <li>. O alumnado recibirá formación sobre Mediación Escolar, como unha estratexia imparcial de resolución de conflitos.</li> <li>. Pódense crear grupos que titoricen a outros grupos de alumnado de menor idade. Suxírese que polo menos haxa dous cursos de diferenza.</li> </ul> <p>(ANEXO II)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Continúase coa labor do voluntariado da ESO dando apoio a Educación Infantil e Educación Especial. (ANEXO II)</li> <li>. O alumnado de 6º curso presta un servizo á comunidade de Observadoras/es da Convivencia.</li> <li>. Se desenvolverá o proxecto da REDE DE ESCOLAS SOLIDARIAS, para crear vínculos con outros centros da comunidade autónoma. (ANEXO II)</li> </ul> <p><b><u>PAIS/NAIS:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. As familias deben coñecer as normas de convivencia do centro.</li> </ul>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		<p>. As familias deben inculcar hábitos de respecto cara ás normas establecidas no centro.</p> <p>. As familias poden solicitar información e axuda ás titores e ao centro ante calquera conduta disruptiva que observen nos seus fillos.</p> <p><b>INSTITUCIÓNS:</b></p> <p>. Solicitátese o asesoramento e axuda en caso necesario do EOE específico de Convivencia.</p> <p>. Ao concello, os servizos sociais, servizos sanitarios demandaráselles recursos, axudas puntuais, asesoramento...</p> <p>. No centro revisarase periodicamente o RRI adaptándoo ás características do centro.</p> <p>. No centro existe unha Comisión de Convivencia dependente do Consello Escolar que se reunirá trimestralmente para o plan de convivencia.</p> <p>. Este plan de convivencia adecuarase anualmente.</p>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCINS PREVISTAS
<p>5. -Adquirir habilidades sociais e comunicativas que favorezan a convivencia</p>	<p>5.1- Levar a cabo actitudes de axuda e colaboración en especial par aos nenos que chegan novos ao centro.</p> <p>5.2- Coñecer os demais para poñerse no seu lugar e así crear</p>	<p><b><u>TITORAS/ES E PROFESORADO</u></b></p> <p>. O profesorado incluírán máis contidos dos temas transversais nas Unidades Didácticas.</p> <p>. O profesorado podería traballar habilidades comunicativas xestuais cos</p>



<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>ACCINS PREVISTAS</b>
	<p>canles de comunicación e colaboración.</p> <p>5.3- Adquirir habilidades comunicativas xestuais para comunicarse con compañeiros que teñen problemas para relacionarse.</p> <p>5.4 Adquirir prerequisites básicos para realizar actividades de grupo.</p> <p>5.5. Realizar tarefas de forma cooperativa en pequeno grupo ou gran grupo sabendo valorar o esforzo do compañeiro, as diferenzas interpersoais, respectando as opinións alleas.</p> <p>5.6- Mellorar a comunicación xestual - oral e escrita valorando a amabilidade e cortesía, a afectividade e o sentido do humor.</p> <p>5.7. -Reclamar recursos para a formación do profesorado, das familias e demais axentes educativos en habilidades de comunicación e habilidades sociais.</p>	<p>alumnos para poidan comunicarse con aqueles compañeiros da súa clase e do centro con problemas de comunicación.</p> <p>. O profesorado traballará diariamente en clase os seguintes habilidades sociais: chamar antes de entrar, saudar ao entrar, despedirse ao saír, pedir por favor, dar as grazas.....</p> <p>.O profesorado traballará prerequisites básicos para realizar actividades de grupo: levantar a man, esperar a quenda, respectar a persoa que fala....</p> <p>. Realizaránse actividades nas que o alumnado teña que traballar de forma cooperativa: realización de murais, realización de bailes para saír todo o grupo bailando en carnaval, representar unha obra de teatro todo o grupo....</p> <p>. Os titores traballasen de forma personalizada e individual nos alumnos do seu grupo clase habilidades sociais que lles permitan mellorar a súa autoestima e confianza en se mesmos ( Confiar nos demais, escoitar o que nos din, pedir axuda cando sexa necesario....</p> <p><b><u>ALUMNADO:</u></b></p> <p>. O alumnado en clase en gran grupo, en pequeno grupo e individualmente segundo o tipo de actividade.</p> <p>. Reflexionarase sobre a necesidade de traballar moitos contidos de forma cooperativa e valorando as achegas de todos os seus compañeiros.</p>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCINS PREVISTAS
		<p>. A RADIO ABRENTE, continuará e ser un medio de solidariedade e comunicación con toda a comunidade educativa.</p> <p><b><u>PAIS/NAIS:</u></b></p> <p>. As familias deben inculcar aos súas/seus fillas/os en colaboración co profesorado habilidades sociais e comunicativas.</p> <p>. As familias colaborarán cos titores/as para favorecer o desenvolvemento emocional e social nas/os fillas/os.</p> <p>. As familias solicitarán a información do profesorado, do centro, do EOE se o cren necesario para axudar a fillas/os no desenvolvemento emocional e social.</p> <p><b><u>INSTITUCIÓN:</u></b></p> <p>. Ao concello, aos servizos sociais solicitaránselle a posta en práctica de proxectos para a formación de habilidades sociais, comunicativas, colaboradoras para pais, alumnos, profesores....</p> <p>. Solicításense cursos de formación ao CFR en caso necesario para que a formación do profesorado en habilidades sociais e comunicativas.</p>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
<p>6. Espertar o interese inicial por pertencer a un colectivo</p>	<p>6.1 Pensar no centro como algo propio.</p> <p>6.2 Asumir responsabilidades no coidado e mantemento dos espazos comúns do centro.</p> <p>6.3 Comprometerse no reciclado de materiais.</p> <p>6.4 Asumir a responsabilidade de non malgastar a auga, o papel hixiénico, os folios, os xices e ser capaces de apreciar estes materiais como comúns ao centro.</p>	<p><b><u>TITORAS/ES E PROFESORADO</u></b></p> <p>.O profesorado insistirá diariamente no coidado do centro actuando como modelos dos alumnos.</p> <p>. O profesorado inculcará hábitos no reciclado de materiais, e que poden traer materiais como pilas, botes para reciclalos.</p> <p>. Os profesores traballarán os contidos transversais da educación ambiental en todas as súas Unidades didácticas.</p> <p>. O profesorado propondrá motivos decorativos aos alumnos para decorar corredores en nadal, en carnaval ,el día do libro, o día da paz.....</p> <p>. As titoras/es propondrán ás súas alumnas/os a decoración da clase.</p> <p><b>ALUMNADO:</b></p> <p>. Os alumnos coidarán os materiais dos seus compañeiros e os do centro como algo propio.</p> <p>. Os alumnos colaborarán na decoración das súas clases e do centro en xeral como un espazo común e á vez propio.</p> <p>. Os alumnos pedirán papel hixiénico ,tizas ,folios aos seus profesores sempre que o necesiten para utilizalos de forma</p>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		<p>proveitosa e non malgastar os materiais. de forma en e en conxunto guiados polos profesores elaborarán as regras de convivencia da súa clase.</p> <p>PAIS/NAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. As familias deben inculcar aos seus fillos o aforro de auga, enerxía de forma funcional e cooperando co centro. coñecer as normas de convivencia do centro.</li> <li>. As familias deben inculcar hábitos de respecto cara ás normas establecidas no centro.</li> <li>. As familias poden solicitar información e axuda ás titores e ao centro ante calquera conduta disruptiva que observen nos seus fillos.</li> </ul> <p>INSTITUCIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. Solicitarase a posta en práctica de proxectos por parte das institucións locais para a concienciación do aforro da auga, de materiais, de enerxía para pais ,profesores alumnos.</li> <li>. Ao concello, os servizos sociais, servizos sanitarios demandaráselles recursos, axudas puntuais, asesoramento...</li> <li>. A comunidade educativa actuará como exemplo para que os alumnos aprendan apreciar o centro como un grupo social ao que pertencen e deben coidar e respectar á vez que se benefician de pertencer a</li> </ul>

OBXECTIVOS XERAIS	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS PREVISTAS
		un centro.

## 6.- PROCEDIMIENTO ESPECÍFICO DE ACTUACION PARA PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMIENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Actuarase conforme a o establecido no artigo 30.2 da lei 4/2011, do 30 de xuño. Tomase como modelo de referencia o *“PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E O CIBERBULLING”*, de maio de 2013, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na que se dan instrucións en relación con situacións de acoso escolar e cyberbulling nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensino obrigatorio.

Dende o Equipo Directivo e en colaboración co Departamento de Orientación fixemos as modificacións deste protocolo para que a linguaxe utilizada sexa máis constructiva de convivencia e máis orientada a educar. Substituíronse os termos acosado ou acosadores por alumnado afectado e alumnado implicado. Deste cambio hai visto bo do especialista en trastornos de conduta do EOE de Pontevedra.

A nosa idea é que os conflitos sexan resoltos en Fase Primaria e que non cheguen a producir unha escalada que non é favorable para ningunha das partes nin para as súas familias.

É o noso principal interese que haxa aprendizaxes para a convivencia presente e futura do noso alumnado.

## 7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

### - **Normas de Convivencia:**

- a) Asistir a clase.
- b) Chegar con puntualidade.
- c) Seguir as orientacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
- d) Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.

- e) Estudar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudo dos compañeiros.
- f) Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
- g) Non discriminar a ningún membro da comunidade.
- h) Respectar os bens e instalacións do centro.
- i) Respectar as pertenzas dos ningún membro da comunidade escolar por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- j) Coidar e utilizar correctamente demais membros da comunidade educativa.
- k) Participar na vida e funcionamento do centro.
- l) Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.
- m) Non traer dispositivos electrónicos que podan impedir o normal desenvolvemento da labor docente: teléfonos móbiles, dispositivos MP3-MP4, videoxogos, gravadoras de imaxes ou sons.
- n) Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.

**- Protocolos de Actuación**

Os protocolos, específicos de actuación no Colexio Abrente para manter unha boa convivencia e un clima positivo derívanse das Normas de Convivencia do centro.

**En concreto referímonos aos seguintes apartados que foron consensuados por todos os sectores da comunidade educativa:**

**- Serán conductas contrarias a las Normas de Convivencia:**

- a) Faltas inxustificadas a clase (Acumulación de 3 faltas).
- b) Retrasos inxustificados (Acumulación de 3 retrasos).
- c) Non facer caso das orientacións e indicacións do profesorado e persoal non docente.
- d) Tratar con desconsideración ou non respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas dos membros da comunidade escolar.
- e) Non seguir con aproveitamento os estudos ou impedir o dereito a estudar dos seus compañeiros.
- f) Utilizar incorrectamente ou con descoído os bens e instalacións do centro.
- g) Non respectar as pertenzas do resto dos membros da comunidade educativa.

- h) Traer calquera dispositivo electrónico ao recinto escolar (telefono móbil, MP3 - MP4, videoxogos, gravadoras) incluídas as viaxes no autobús do colexio e nas saídas culturais.
- i) Fumar no centro ou en actividades organizadas polo mesmo.

**- Serán conductas gravemente contrarias a las Normas de Convivencia:**

- a) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- b) A reiteración, nun mesmo curso, de condutas contrarias ás Normas de Convivencia.
- c) A agresión grave, física ou moral, ou discriminación grave contra os membros da comunidade escolar.
- d) A suplantación de personalidade e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.
- e) outros Os danos graves causados nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens de membros da comunidade educativa.
- f) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento da actividade do centro.
- g) As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade dos membros da comunidade educativa ou a incitación ás mesmas.
- h) O incumprimento das sancións impostas.

**- As medidas correctoras das CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVEVENCIA veñen referidas íntegramente no ANEXO I deste Plan de Convevencia (Extractos do Decreto 8/2015 e da Lei 4/2011)**

**Tómase como referencia o TÍTULO III do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educaiva en materia de convevencia escolar.**

## **8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**

---

A aula de convivencia inclusiva é un recurso do centro para facilitar a reflexión do alumnado que impide gravemente o normal desenvolvemento do grupo-clase. Neste espazo, o profesorado trata de darlle axuda ao alumnado para que analice as súas

condutas disruptivas e se comprometa ao cambio. Así tamén, o alumnado que polas repetidas condutas contrarias ás normas fora obxecto de privación temporal do dereito de asistencia a clase, pode ser atendido nesta aula.

#### 8.1. FUNCIONAMENTO:

O alumnado que impida gravemente o desenvolvemento normal do grupo-clase, logo de poñer en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados, pode ser enviado á aula de convivencia. Para tal fin, seguiranse 5 pasos:

1. O profesor/a de aula envía ao alumno/a e ao delegado/a a xunto o/a Xefe/a de estudos ou outro membro do equipo directivo, que determinará se é preciso buscar ao profesor/a de garda para que acompañe ao alumno/a á aula de convivencia.

2. O profesor/a de aula cumprimenta o PARTE DE INCIDENCIAS para informar ao xefe de estudos, á familia e ao titor/a do grupo-clase nese mesmo día. O profesor/a de garda farase cargo do alumno/a que provocou a incidencia. O profesor/a de aula entrega tamén as tarefas que quere que o alumno/a desenvolva na aula de convivencia.

3. Na aula de convivencia o alumno/a cumprimentará unha ficha de reflexión e compromiso (ANEXO A). Esta ficha quedará na propia aula de convivencia nun rexistro.

4. O alumno/a realiza unha tarefa relacionada coa mellora da convivencia e/ou tarefa de clase.

5. O/A responsable da aula de convivencia (profesor de garda) cumprimenta unha folla de rexistro (no reverso da folla anexo A) (ANEXO B) sobre a actitude do alumno/a. Por outra parte, arquivará o caso nun rexistro de incidencias.

#### 8.2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden para a aula de convivencia son:

1. Ensinar aos alumnos/as a resolver os conflitos de xeito pacífico, reflexivo e dialogado.

2. Atender esporadicamente ao alumnado que, por problemas de conduta, non pode permanecer na súa aula de referencia.

3. Atender ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, permanece expulsado durante un período de tempo, sendo unha medida sancionadora de carácter intermedio antes de chegar á privación do dereito á asistencia ao centro.

4. Medir a conflictividade no centro procurando datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo e sobre o instituto en xeral.

A aula de convivencia será atendida en horario lectivo polo profesorado de garda ou algún membro do equipo directivo. Poderán ser enviados a esta aula o alumnado da ESO e de 5º e 6º de E.P. que cumpra os seguintes criterios:

- Conduta disruptivas na aula, de certa gravidade, que impidan o desenvolvemento da clase.
- Falta de respecto de certa gravidade ao profesorado e/ou aos compañeiros/as.
- Conduta antisocial.

## 9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.



A nivel do centro considérase que todos os organismos de coordinación docente teñen un papel colaborador para a mellora da convivencia.

Moitas das actividades aquí exportas son realizadas polos departamentos didácticos, que se coordinan na Comisión de Coordinación Pedagóxica, onde periódicamente se analiza o clima de convivencia das distintas aulas e etapas educativas do centro.

Dende a xefatura de estudos e o departamento de orientación se leva a cabo o plan de acción tutorial e un seguemento da convivencia das distintas aulas cos profesores titores por niveis educativos.

As familias do alumnado teñen unha gran presenza no centro, acudindo ás sesións de acollida e reunións por grupo-aula de forma maioritaria, solicitando frecuentemente reunións cos profesores-titores, profesorado en xeral, departamento de orientación e equipo directivo, e participando naas numerosas reunións informativas motivadas pola organización de viaxes, intercambios...

A súa presenza é numerosa nas sesións de apertura de curso, festivais e premios e nos actos de fin de curso dos alumnos que rematan o bacharelato.

A ANPA do centro colabora activamente co Centro.

Con outros centros educativos e organismos do contorno realízase unha coordinación presencial ou telefónicamente sempre que se considere necesario en especial cos Servizos Sociais do Concello, Centro de Saúde, Asociación AVANTE, Centro Quérote+, Garda Civil, Consellerías, Centros de Primaria ou Secundaria. Así mesmo solicítanse intervencións e coordinámonos con organismos de ámbito provincial como o Equipo de Orientación Específico de Pontevedra.

## 10. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

---

Artigo 6 do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro. A comisión de convivencia

1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar.

Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

2. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

3. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de

decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

4. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

5. Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

## **10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

---

Unha copia deste Plan de colocará na Web do centro para a súa consulta. A través do correo electrónico do centro poderanse achegar suxestións por parte dos interesados. Nas reunións con pais incluírase un punto para dar información dos aspectos máis relevantes do Plan.

O profesorado dará a coñecer ás distintas idades dos alumnos que faciliten a información sobre os aspectos máis básicos do Plan.

Ao alumnado facilitaráselle información, adaptada á súa idade, por medio dos seus titores dos contidos que lles afecten máis directamente.

Unha copia do Plan estará o a Secretaría do centro a disposición de calquera membro da comunidade escolar que o solicite para a súa consulta.

## **11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

---

As actuacións previstas no presente Plan de Convivencia escolar comezarán a desenvolverse ao inicio do curso 2022-2023 formando parte da Programación Xeral Anual. Corresponde ao Equipo Directivo garantir a coordinación e o cumprimento dos prazos establecidos neste.

A Comisión de Convivencia dará conta ao Consello Escolar das actuacións realizadas e dos resultados obtidos tanto da aplicación das normas de convivencia coma da marcha do Plan de Convivencia; farase un informe trimestral. Con anterioridade a este informe o Director convocará á Comisión de Convivencia, facilitaralle os datos oportunos e analizará a traxectoria da convivencia no centro, preparando, se se considera necesario, as propostas que poida estimar.

Do mesmo modo, antes de finalizar o curso prepararase pola comisión de Convivencia a información necesaria destinada á elaboración do Informe Anual de Convivencia por parte do Consello Escolar. Este informe que servirá de base para a programación de actividades do curso seguinte e toma de decisión.

## **ANEXO I.**

### **TÍTULO III DO DECRETO 8/2015 de 8 de xaneiro.**

#### **Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección**

##### **CAPÍTULO I**

##### **Principios xerais**

##### **Artigo 32. Principios xerais**

1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

a) Ter carácter educativo e recuperador.

b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.

c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.

d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

5. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as

correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

### **Artigo 33. Clases de condutas contrarias á convivencia**

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 deste decreto.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 deste decreto.

### **Artigo 34. Gradación das medidas correctoras**

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

### **Artigo 35. Reparación de danos causados**

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

#### **Artigo 36. Ámbito de corrección**

1. Deben corríxirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

2. Así mesmo, poderán corríxirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

#### **Artigo 37. Aspectos formais dos procedementos correctores**

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 deste decreto deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do presente título.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
- e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.

f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipadas/os, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV deste título son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada

ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

7. A resolución do procedemento notificárase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicárase igualmente á Inspección Educativa.

## **CAPÍTULO II Das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e da súa corrección**

### **Artigo 38. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputárase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

### **Artigo 39. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.



c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

#### **Artigo 40. A proposta de cambio de centro**

1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.

2. Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.

3. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

4. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.

5. A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

#### **Artigo 41. Aplicación das medidas correctoras**

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto.

2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

### **CAPÍTULO III Das condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección**

#### **Artigo 42. Condutas leves contrarias á convivencia**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os



actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

Extracto Lei 4/2011

Artigo 15. *Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.*

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

#### **Artigo 43. Medidas correctoras**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

#### **Artigo 44. Responsables da aplicación das medidas correctoras**

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto.

A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

#### **Artigo 45. Solicitude de revisión e execución de medidas**

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

#### **CAPÍTULO IV**

#### **Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

##### **Sección 1ª. Disposicións xerais**

#### **Artigo 46. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro**

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

4. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

#### **Artigo 47. Determinación do procedemento de corrección**

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

#### **Artigo 48. Inicio do procedemento de corrección**

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

2. Nos casos en que se lles ofrecece á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

4. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en

convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a dita designación.

5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.

b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.

c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.

d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

6. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, números 3 e 7, deste decreto e comunicáraselle á Inspección Educativa.

## **Sección 2ª. Procedemento conciliado**

### **Artigo 49. Procedemento conciliado**

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

### **Artigo 50. Desenvolvemento do procedemento conciliado**

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo

máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 deste decreto.

#### **Artigo 51. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado**

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.
- b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

#### **Sección 3ª. Procedemento común**

##### **Artigo 52. Procedemento común**

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas



proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

#### **Artigo 53. Desenvolvemento do procedemento común**

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade. A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

#### **Sección 4ª. Terminación**

#### **Artigo 54. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas**

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

a) Feitos probados.

b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.

c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.

d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da **Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados**.

4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

#### **Artigo 55. Compromisos educativos para a convivencia**

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o

alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

4. Cada centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es compromisos educativos para a convivencia segundo o previsto neste artigo.

#### **Artigo 56. Prescrición de condutas e de correccións**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

#### **Disposición adicional primeira.**

Actuacións para axilizar a tramitación dos procedementos correctores Para os efectos de axilizar o procedemento de corrección de condutas contrarias á convivencia, a Administración educativa fomentará a xeneralización nos centros docentes da utilización de medios electrónicos, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

#### **Disposición adicional segunda.**

Centros integrados de formación profesional Nos centros integrados de formación profesional, competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a aplicación deste decreto axustarase ás peculiaridades da súa organización e do seu funcionamento, de conformidade co previsto no Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o seu regulamento orgánico, e na Orde do 29 de xullo de 2011, pola que se desenvolve.

#### **Disposición adicional terceira.**



**Centros docentes privados concertados 1.** Este decreto aplicarase nos centros docentes privados concertados naquilo que lles afecte conforme a normativa vixente. A aplicación daqueles preceptos relativos a competencias dos órganos colegiados e unipersoais adaptaranse á organización interna dos ditos centros, de conformidade co disposto nos artigos 54 e seguintes da Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación. **2.** As normas de organización e funcionamento dos centros privados concertados preverán a existencia dunha comisión no seo do consello escolar coas mesmas competencias que se atribúen neste decreto á comisión de convivencia do consello escolar dos centros públicos.

**Disposición adicional cuarta.**

Centros docentes privados non concertados Os centros docentes privados non concertados, no marco establecido pola Lei orgánica 8/1985 e pola Lei orgánica 2/2006, gozarán de autonomía para establecer as súas normas de organización e funcionamento e as súas normas de convivencia, con respecto aos dereitos que ao alumnado lle recoñece a normativa vixente.

**Disposición adicional quinta.**

Centros residenciais docentes O disposto neste decreto aplicarase ao alumnado que utilice o servizo de residencia, coas adaptacións que se regulen nas normas de organización e funcionamento do centro.

**Disposición adicional sexta.**

Protección de datos En canto aos datos persoais do alumnado ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destes/as, observarase o disposto na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e demais lexislación vixente de protección de datos de carácter persoal.

**Disposición adicional sétima.**

Garda e acollemento As referencias deste decreto ás nais, aos pais, ás titoras e aos titores legais entenderanse feitas ás persoas que posúen a garda ou o acollemento por resolución xudicial ou administrativa.

**Disposición adicional oitava.**

Órganos consultivos A constitución e posta en funcionamento da comisión de convivencia nos centros educativos e do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia non xerará incremento das consignacións orzamentarias do órgano con competencias en materia de educación.

**Disposición adicional novena.**

Órganos de participación As funcións ou actuacións que aparecen referidas ao consello escolar dos centros educativos fanse extensibles ao Consello Social nos centros integrados de formación profesional ou a calquera órgano con competencias semellantes que con outra denominación específica poida crearse en función da tipoloxía de centro de que se trate, axustándose sempre ás peculiaridades da súa organización e do seu funcionamento recollidos na súa normativa reguladora.

**Disposición transitoria primeira.**

Procedementos correctores en tramitación Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto continuarán a súa tramitación de acordo co disposto no Real decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros, sen prexuízo da aplicación dos prazos e dos procedementos de corrección das condutas contrarias á convivencia previstos na Lei 4/2011.

**Disposición transitoria segunda.**

Retroactividade das disposicións correctoras máis favorables As condutas contrarias á convivencia escolar que se produzan ata a entrada en vigor deste decreto serán obxecto das correccións previstas na normativa que lles resultaba de aplicación. Non obstante, se as correccións establecidas neste decreto fosen máis favorables para o alumnado autor da conduta, aplicaranse estas. En calquera caso, deberanse ter en conta os prazos e os procedementos de corrección das condutas contrarias á convivencia previstos na Lei 4/2011 e nesta disposición.

**Disposición transitoria terceira.**

Constitución das comisións de convivencia A comisión de convivencia de cada centro educativo, público ou privado concertado, deberá constituírse no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste decreto.

**Disposición transitoria cuarta.**

Adaptación normativa As normas de organización e funcionamento e os plans de convivencia en vigor deberán adaptarse ao establecido neste decreto nun prazo dun ano desde a súa entrada en vigor. En ningún caso se poderán aplicar se se opoñen ao disposto nel.

**Disposición derogatoria única.**

Derrogación normativa Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango resulten contrarias ou se opoñan ao establecido neste decreto e, en particular, o Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

**Disposición derradeira primeira.**

Habilitación normativa Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste decreto.

**Disposición derradeira segunda.**

Entrada en vigor Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO II

PROGRAMAS DO CENTRO RELACIONADOS COA MELLORA DA CONVIVENCIA

- **Actividade: Debate e discusión ao principio de curso sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia coas familias e alumnado. Acordar co alumnado estas normas de funcionamento.**
  - **Responsable:** Equipo Directivo, titores e colaboración do Departamento de Orientación.
  - **Recursos:** Material audiovisual e impreso concretando o máis esencial do Plan e das Normas de Convivencia.
  - **Metodoloxía:** Charla e debate coas nais e pais. Activa e participativa.
  - **Espazos físicos:** Sala de Profesores, biblioteca e aulas de desdobre.

- **Temporalización:** Durante o primeiro trimestre dedicarase 1 sesión con nais e pais e 1 ou 2 sesións de titoría co alumnado.
  
- **Actividade:** Difusión e debate dos “Estatutos Europeos para os centros educativos democráticos sen violencia”.
  - **Responsable:** Titor/a e colaboración do Departamento de Orientación.
  - **Recursos:** ANEXO III.
  - **Metodoloxía:** Charla e debate coas alumnas/os.
  - **Espazos físicos:** Aula.
  - **Temporalización:** Durante o primeiro trimestre dedicarase 1 sesión de titoría co alumnado.
  
- **Actividade:** Planificaranse titorías de formación para o alumnado e profesorado, nas que se trate a Resolución Pacífica de Conflictos, promovendo a Mediación Escolar como unha filosofía a disposición de toda a comunidade educativa do Colexio Abrente.
  - **Responsable:** Equipo Directivo, Comisión de Convivencia e colaboración do Departamento de Orientación.
  - **Recursos:** Formadores expertos en Resolución de Conflictos e Mediación Escolar.
  - **Metodoloxía:** Activa e participativa.
  - **Espazos físicos:** Aulas do colexio.
  - **Temporalización:** Durante o primeiro trimestre de cada curso.
  - **TEMAS:** Teoría do Conflito; A Mediación Escolar; A Comunicación como instrumento de mediación; ...
  
- **Actividade:** Dar continuidade no curso 6º de Educación Primaria á prestación de servizo á comunidade a través da queda de Observadoras/es da Paz para ser referentes da boa convivencia nos recreos. Participa sen excepción todo o alumnado deste curso. Todos os curso de EP recibiran formación concreta sobre a súa labor como observadoras/es dentro do Plan de Convivencia.
  - **Responsable:** Titor/a e colaboración do Departamento de Orientación.
  - **Recursos:** Alumnado de Educación Primaria.

- Metodoloxía: Democrática, consensuada e participativa.
  - Espazos físicos: Zonas de patio e recreo.
  - Temporalización: Durante todo o curso.
- **Actividade**: Crear nos cursos de ESO voluntariado nos recreos para apoiar a labor de coidado do alumnado de Educación Infantil.
- Responsables: Profesorado de garda de infantil en colaboración co Departamento de Orientación.
  - Recursos: Alumnado de ESO.
  - Metodoloxía: Democrática, consensuada e participativa.
  - Espazos físicos: Zonas de patio e recreo.
  - Temporalización: Durante todo o curso.
- **Actividade**: Crear nas aulas de EI (segundo ciclo) o “Recuncho do Diálogo”.
- Responsable: Titor/a e colaboración do Departamento de Orientación.
  - Recursos: Espazo para a resolución do conflito de forma dialogada e aprender a escoitar e manifestar queixas e respectar as quendas.
  - Metodoloxía: Democrática, consensuada e participativa.
  - Espacios físicos: Un recuncho nas aulas de Educación Infantil.
  - Temporalización: Durante todo o curso.
- **Actividade**: Desenvolvemento de habilidades de comunicación entre o alumnado de ESO para a mellora da convivencia do centro.
- Responsable: Titor e colaboración do Departamento de Orientación.
  - Recursos: Formación nas reunións de tutoría e Material concreto para a súa aplicación na aula.
  - Metodoloxía: Activa e participativa
  - Espacios físicos: Aula de tutoría.
  - Temporalización: 3 sesións de tutoría en cada curso.

- **Actividade:** Fomentar os valores democráticos: a solidariedade, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc, nas etapas de ESO, EP e EI.
  - **Responsable:** Titor/a e colaboración do Departamento de Orientación.
  - **Recursos:** Formación nas reunións de titoría e Material concreto para a súa aplicación na aula.
  - **Metodoloxía:** Activa e participativa.
  - **Espazos físicos:** Aula.
  - **Temporalización:** Polo menos 1 sesión de titoría en cada curso.
  
- **Actividade:** Sensibilización contra o Maltrato entre Iguais (bullying) na etapa da ESO e no terceiro ciclo de EP.
  - **Responsable:** Titor/a e colaboración do Departamento de Orientación.
  - **Recursos:** Forma de proceder para evitar que estas situacións se dean no centro. Formación nas reunións de titoría e material para a súa aplicación na aula.
  - **Metodoloxía:** Activa e participativa.
  - **Espazos físicos:** Aula.
  - **Temporalización:** 4 sesións de titoría en cada curso da ESO.
  
- **Actividade:** Realización de sociogramas en cada aula de EP e de ESO, para comprobar o clima da aula e detectar posibles problemáticas de marxinación ou maltrato entre iguais.
  - **Responsable:** Departamento de Orientación.
  - **Recursos:** Modelo de Sociograma elaborado no I Plan de Convivencia do CPR ABRENTE.
  - **Metodoloxía:** Activa e participativa.
  - **Espazos físicos:** Aula.
  - **Temporalización:** Segundo Trimestre do curso.
  
- **Actividade: ESCOLAS DE FAMILIA 2022-2023**
  - **Responsables:** Departamento de Orientación.
  - **Recursos:** Charla a nais e pais onde se incida nas estratexias familiares que son máis recomendables para favorecer a resolución de conflitos.

- Metodoloxía: PRESENCIAL.
- Espazos físicos: DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- Temporalización: MÍNIMO DE 2 SESIÓNS POR ETAPA AO LONGO DO CURSO.

#### **OBXECTIVOS DA ESCOLA:**

- ✓ Contribuír a crear unha educación máis consciente que permita compartir tempo cos nenos e nenas desde o amor, a tranquilidade e a alegría.
- ✓ Romper os mitos e vellas pautas de educación baseadas nos berros e os castigos, na represión das emocións, no medo e a desconfianza no propio neno.
- ✓ Axudar a comprender que é aquilo que crea distancias cos fillos e fillas e imposibilitávos comprender, sentir e cubrir as súas necesidades.

#### **POSIBLES TEMAS A TRATAR NA ESCOLA:**

- **Necesidades e ritmos infantís**: Desenvolvemento na primeira infancia, nenez e adolescencia.
- **Reflexionando sobre cal é o meu rol como pai ou nai**: Camiñando cara a unha crianza e educación consciente.
- **Acompañamento emocional da infancia**: Respostas ante o mundo emocional infantil.
- **Técnicas de comunicación empática**: Acordos e negociacións: alternativas aos premios e castigos.
- **Normas e límites**: A convivencia: ofrecendo liberdade e xerando responsabilidade.
- **Resolución de conflitos pacífica**: Unha mirada ás relacións de todo o sistema familiar.
- **Relación da familia e escolar**: Acompañar a socialización, a educación e a escolarización
- **Acompañando a sexualidade infantil**: Desenvolvemento natural, diversidade e educación en igualdade
- **Afrontando situacións de crises**: Como manexar os cambios: o divorcio, a morte ou a chegada dun novo irmán/á.
- **O xogo infantil**: Os tipos de xogo e materiais.

\*Ademais de todas aquelas accións que se introduzan ou modifiquen dende o Comisión de Convivencia do Centro.

**ANEXO III**  
**ESTATUTOS EUROPEOS PARA OS CENTROS EDUCATIVOS DEMOCRÁTICOS**  
**SEN VIOLENCIA**

-----

1.- Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito a un centro seguro e sen conflitos. Cada individuo ten a responsabilidade de contribuír á creación dun ambiente positivo que favoreza a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal.

2.- Todos teñen dereito a ser tratados e respectado por igual con independencia das súas características persoais (sexo, raza, relixión, etc...). Todos gozan de liberdade de expresión sen risco de discriminación ou represión.

3.- A comunidade educativa garante que todos os seus membros coñecen os seus dereitos e responsabilidades.

4.- Cada centro educativo democrático posúe un órgano de toma de decisións elixido democraticamente e composto por representantes dos profesores, pais e nais e outros membros da comunidade educativa, segundo proceda. Todos os membros deste órgano teñen o dereito de voto.

5.- Nun centro educativo democrático, os conflitos son resoltos en estreita colaboración con todos os membros da comunidade educativa, dun xeito construtivo e sen violencia. Todo centro educativo ten persoal preparado para previr e solucionar os conflitos a través de actuacións de mediación e consenso.

6.- Todo caso de violencia é investigado e tratado coa maior prontitude posible, e é examinado en profundidade xa sexa alumnos ou calquera outros membros da comunidade educativa os implicados.

7.- O centro educativo forma parte da comunidade local. A cooperación e o intercambio de información con outras entidades locais son esenciais para a prevención e a resolución dos problemas.

## **ANEXO IV**

### **PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS**

#### **I. XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA**

O artigo 19 da Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa establece a necesidade de elaborar e desenvolver “Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras”. Dentro disto contémpanse dous tipos de programas:

- Programa de Habilidades Sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

- Programa de Habilidades Sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Ámbolos dous programas serán aplicados en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos Servizos Sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias.

O alumnado ao que van dirixidos os programas, presenta en maior ou menor medida as seguintes características:

- Problemas de comportamento (condutas disruptivas, falta de traballo...)
- Pouco interese pola aprendizaxe
- Desmotivación e abandono escolar



- - Faltas de asistencia
- - Inicio de condutas de risco
- - Baixa autoestima, principalmente relacionada co eido escolar. Un factor de relevancia que axuda a explicar en parte estos comportamentos é a falta de certas habilidades sociais para desenvolverse de maneira eficaz con outros individuos: iguais, menores, autoridades... Se o alumnado adquire certas habilidades cognitivas, instrumentais e de control sobre as súas emocións, pode axudar a unha mellor adaptación social. Pretendemos ensinar uns valores e favorecer no alumnado unhas actitudes, que constitúan o respecto aos dereitos e liberdades propias e dos outros, fomentando a adquisición e consolidación duns hábitos de convivencia democrática e respecto mútuo. Resulta complexo elaborar un único programa, dada a multiplicidade de situacións, condicións particulares, momentos nos que poden ser aplicados. Polo tanto, tomamos a decisión de establecer un marco xeral amplo no que se teñan en conta diferentes tipos de contidos que serán adaptados, ampliados ou eliminados para cada caso concreto.

## **II. OBXECTIVOS**

- Dotar aos adolescentes dun repertorio amplo de habilidades instrumentais, cognitivas e de control emocional, que podan utilizar para mellorar a calidade das súas relacións sociais, de modo moi concreto, para resolver e/ou prever problemas ou dificultades nas súas relacións con outras persoas.
- Desenvolver nos adolescentes unha actitude crítica de respecto ao dereitos dos demais e aos seus propios.
- Propiciar unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais do alumnado en todos os ámbitos da vida.
- Conseguir reducir a frecuencia e intensidade de interaccións agresivas entre os adolescentes, tanto no ámbito escolar como fóra del, así como os comportamentos disruptivos
- Aumentar o nivel de motivación cara o eido escolar
- Favorecer unha autoestima positiva no relativo ao ámbito educativo, persoal e relacional.

## **III. CONTIDOS:**

<p><b>Identificación de estados emocionais</b></p>	<p>Identificar situacións que nos fan sentirnos mal: nerviosos ou asustados</p> <p>Identificar e describir situacións problema</p> <p>Identificar situacións de provocación: que penso, como me sinto</p>
<p><b>Iniciación e mantemento de relacións mutuamente beneficiosas</b></p>	<p>Iniciar e manter conversacións con persoas desconocidas</p> <p>Elxir os amigos con independencia Dar e recibir consellos Facer cumpridos aos demais Aprender a recibir cumpridos Facerse cumpridos a un mesmo</p>
<p><b>Expresión de maneira eficaz</b></p>	<p>Desenvolver habilidades de comunicación para expresar opinións</p> <p>Asertividade Dar instrucións de maneira clara e precisa</p>
<p><b>Mostrarse receptivos ao que nos comunican</b></p>	<p>Desenvolver habilidades de escoita Considerar o punto de vista das outras persoas</p>
<p><b>Desenvolvemento de habilidades de control emocional</b></p>	<p>Xerar recursos para modificar os sentimentos de malestar e sentirnos ben con nós mesmos</p> <p>Permanecer tranquilos cando se recibe un comentario crítico</p> <p>Afrontar situacións de provocación</p>
<p><b>Resolución de situacións conflitivas</b></p>	<p>Xerar múltiples alternativas para</p>

	<p>solucionar un problema</p> <p>Anticipar posibles consecuencias a cada alternativa</p> <p>Elexir a mellor solución de entre as posibles alternativas para solucionar un problema Tomar decisións coas que se consiga o máximo beneficio para ambos</p> <p>Desenvolver habilidades de negociación</p>
<b>Aceptación das consecuencias do propio comportamento</b>	<p>Aceptar e rexeitar críticas</p> <p>Analizar a responsabilidade de cada participante nunha situación de interacción social problema</p> <p>Pedir desculpas de maneira adecuada</p>
<b>Desenvolvemento dun estilo asertivo</b>	<p>Responder adecuadamente cando se recibe un apercibimento</p> <p>Defenderse adecuadamente cando o apercibimento non é adecuado</p> <p>Identificar diferentes estilos de relación: agresivo, pasivo e asertivo</p> <p>Valorar as consecuencias derivadas de cada un deles</p> <p>Analizar os beneficios de cambiar o noso estilo habitual de pensar e actuar</p> <p>Respectar os dereitos propios e dos demais</p>
<b>Empatía</b>	<p>Poñerse no lugar do outro Valoración e prexuízos sobre os outros As necesidades dos demais</p>

<b>Educación Emocional</b>	Intelixencia emocional Motivación intrínseca Creatividade Competencia emocional Resiliencia
<b>Autoestima, sentimentos</b>	Ter confianza nun mesmo e nos demais Afirmación Valoracións positivas
<b>Igualdade de xénero</b>	Sexo e xénero Violencia de xénero Relacións afectivas de igualdade
<b>Maltrato entre iguais</b>	Axentes: maltratador, maltratado e espectadores Tipos de maltrato Medios dixitais Consecuencias do maltrato entre iguais  Acoso escolar Estratexias de actuación

<b>Habilidades sociais para o profesorado</b>	Educación Emocional Xestión de conflitos Reforzo positivo Transversalidade Cooperación
---	--

<b>Habilidades sociais para as familias</b>	Estratexias comunicativas Xestión de conflitos Cooperación
---	--

#### IV. MATERIAIS

Utilizaranse os seguintes materiais e/ou programas: Consellería de Educación e O.U. (2005). Maltrato entre iguais. Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións Consellería de Educación e O.U. (2007). Aprendendo a previr a violencia de xénero.

Norprint S.A. Álvarez García, David; Álvarez Pérez, Luís e Núñez Pérez, José Carlos (2007) Aprende a resolver conflitos. Programa para mejorar la convivencia escolar. Editorial CEPE

Obra Social Fundación “la Caixa” (2006) Violencia: Tolerancia Cero

AA.VV. (2005). Con-Vivir Vivir-Con. Cadernos para o ensino 45. Xunta de Galicia

Martín Fernández, Estudita (2009). ¿Cómo mejorar la autoestima de los alumnos? Habilidades sociales complejas. Madrid: CEPE

Isabel, M. ; Haeussler, P. e Neva Milicic, M. (2006) Confiar en uno mismo: Programa de autoestima. Madrid: CEPE

Vallés Arándiga, A. e Vallés Tortosa C. (2003). Programa de refuerzo de las habilidades sociales. Madrid: CEPE

Cobo Núñez, M. (2008). Programa de desarrollo en competencias emocionales. Madrid: ICCE

AA. VV. (2006). Colección Saber para vivir. Vigo: Nova Galicia Edicións

AA.VV. (2007) Colección Que me dis de... Vigo: Nova Galicia Edicións

Segura Morales, M. (2009). Ser Persona y relacionarse. Editorial Narcea

AA. VV. (2003) Programa de educación para la convivencia. Universidad de Granada

AA. VV. (2003) Cuaderno de habilidades alternativas a la agresión. Universidad de Granada

AA.VV. (2002). “DINO” Educación preventiva sobre drogas para preadolescentes. Junta de Andalucía.

AA. VV. (2002). Educación emocional. Propuestas para la tutoría. Conselleria de Cultura i Educación. Generalitat Valenciana.

Herrera Patiño, G. e Chaín Pinzón I.D. (2009). Empatía. Guía de entrenamiento. Bilbao: EDEX

AA. VV. (2011). Guía metodológica para el desarrollo de habilidades sociales. Asociación de aprendizaje Mind the gap

AA.VV. (1998). Habilidades de interacción y autonomía social. Pamplona: CREENA 6

Vela Pérez, E. e Maravall Yáñez, J. (2008). Habilidades de comunicación familiar. Madrid: CEAPA

Segura Lucas, D. e Bernabeu Guerrero, M.T. (2004). Programa de entrenamiento a madres, padres y profesores en habilidades sociales. INNOVA

González, R. e Román, Y. (2012) ¿Quién te quiere a ti? Guía para padres y madres: como educar en positivo. Save the children

<http://www.cineddhh.org/guias-didacticas/filmoteca-educacion-primaria/1-convivencia-intercultural/>

<http://cineyeducacionemocional.blogspot.com.es/>

<http://contenidos.educarex.es/mci/2006/09/index.swf>

<https://sites.google.com/site/actividadinteligenciaemocional/>

[http://www.rafaelrobles.com/wiki/index.php?title=Filmoteca\\_sobre\\_inteligencia\\_emocional](http://www.rafaelrobles.com/wiki/index.php?title=Filmoteca_sobre_inteligencia_emocional)

## **V. APLICACIÓN DOS PROGRAMAS**

Cando sexa necesario aplicar calquera dos dous programas, o Departamento de Orientación establecerá por escrito as actividades a traballar e a periodicidade. Este documento será incorporado ao expediente do alumno/a.

## **VI. AVALIACIÓN**

Para a avaliación do programa utilizaranse os seguintes criterios:

- Implicación do alumno nas tarefas plantexadas
- Implicación da familia nas tarefas plantexadas
- Implicación do profesorado nas tarefas plantexadas
- Frecuencia das condutas-problema
- Establecemento de novas formas de actuación no contexto ordinario da aula
- Establecemento de novas formas de actuación no contexto familiar e social

